



**Hoxe enterámonos pola prensa, de que a Universidade vén de privatizar a información telefónica sobre a implantación do Plan Boloña.** Este novo servizo privatizado únese a outros que nas mesmas circunstancias xa proviñan da etapa anterior (Meilán). No seu día acordárase que eses servizos volvesen ser servizos propios e exercidos polo persoal da institución (entraran no pacto para que o PAS votase a candidatura de Barja no ano 2003). Nin que dicir ten que estes servizos seguen externalizados.

Non lle chega a este equipo reitoral de “progres”, moitos deles vinculados a sindicatos (CIG, CCOO, UGT) e a organizacións políticas coma o BNG, PSOE..., con ternos instalados na precariedade, con máis do 50% do colectivo de PAS laboral interino ou contratado, 39 contratos tipo Labora (con sentenzas firmes que establecen os contratos como indefinidos ou suxeitos a indemnización); unhas 112 bolsas, que nós teñamos controladas, en postos de PAS (con ditames da Inspección de Traballo que determinan a súa ilegalidade por ser postos propios do PAS).

Agora dan un paso adiante e, moi lonxe da universidade pública que din defender (recentemente recibíchedes manifestos), dedícanse a privatizala.

**Diante desta situación de feitos consumados os sindicatos non podemos meternos debaixo das mesas, é obriga sacar á luz e dar resposta a estas políticas.**

**Neste camiño a CUT, sindicato maioritario no Comité de Empresa, convocará unha reunión urxente do órgano de representación para que se decidan as accións que compe tomar.**

Un saúdo.